



ACTA Nº 2021/2

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

MARTES 13 DE ABRIL DE 2021



ACTA Nº 2021/2

Asistentes:

PRESIDE:

FERNANDO JAVIER PÉREZ
FERNÁNDEZ

ASISTEN:

BNG
ÁLVARO XESÚS GARCÍA FREIRE
JOSE ANTONIO COTOS SEOANE
MARTA GARCÍA SÁNCHEZ
PP
JOSÉ DAVID PINTOR PAZO
ÓSCAR VÁZQUEZ CORRAL
JOSE EMILIO MAHÍA NEIRA
JESÚS GÓMEZ GARCÍA
MARÍA DEL CARMEN TORREIRO
COTOS

AUSENCIAS:

NON SE CONTA CON NINGUNHA
AUSENCIA

SECRETARIO:

RICARDO GARRIDO CANEDA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO NA SALA DE SESIÓNS O MARTES 13 DE ABRIL DE 2021

Na casa do concello de Vilasantar, sendo as 13:00 horas, baixo presidencia do señor alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria do Pleno da Corporación. Constátase a presenza dun único cidadán presente en calidade de público.

A continuación pasouse ao estudo da orde do día, adoptándose sobre os asuntos contidos na mesma os seguintes acordos:

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación da acta anterior.
- 2.- Dación de conta dos decretos de Alcaldía.
- 3.- Dación de contas dos acordos tomados en XGL.
- 4.- Aprobación da encomenda de xestión ó concello de Curtis para a tramitación do expediente do servizo de recollida e transportede lixo e aprobación do convenio de colaboración para a xestión compartida do servizo.
- 5.- Adhesión á iniciativa europea do Pacto das Alcaldías para o clima e a enerxía.
- 6.- Aprobación inicial do orzamento xeral municipal para o exercicio 2021.
- 7.- Mocións.
- 8.- Rogos e preguntas.



1.- Aprobación da acta anterior:

O concelleiro do BNG, Don Jose Antonio Cotos, toma a palabra despois de que o señor Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández presentase a acta para a súa aprobación. Interpela ó señor Alcalde sobre unha pregunta recollida na referida acta relativa a un enganche de auga. Ante isto, o señor Alcalde corta a súa intervención dicíndolle entre outras cousas “non vas falar” (esta frease consta en acta expresamente por desexo do concelleiro do BNG, don Álvaro Xesús García Freire), e xustifícao en base ó artigo 196 ROF.

Ante esta interrupción e comentario, o concelleiro do BNG, don Jose Antonio Cotos Seoane, abandona o Pleno e a continuación, don Álvaro Xesús García Freire explica que o terceiro ó que se refire a pregunta que quería acalarar o seu compañeiro de grupo antes da interrupción e abandono da sesión é o que ten que ver cunha acometida de auga e que o manifestado pola Alcaldía no anterior Pleno non se axusta á versión dese terceiro.

Ó final da sesión plenaria, o Alcalde toma a palabra para manifestar as súas desculpas ante o concelleiro do BNG don Jose Antonio Cotos Seoane pola interrupción e feitos acontecidos.

Apróbase a acta do Pleno 2021/1 con 6 votos a favor, 0 abstencións e 2 votos en contra.

2.- Dación de conta dos decretos de Alcaldía.

Dase conta da posta a disposición de tódolos membros do Pleno da corporación dos decretos de Alcaldía emitidos dende a última sesión plenaria, a saber, os correspondentes ós números 14/2021 ó 80/2021.

3.- Dación de contas dos acordos tomados en XGL.

Explícase por parte da Alcaldía e do Secretario – Interventor o motivo polo cal non se remitiron actas das sesións de Xunta de Goberno Local ó non estar aprobadas con anterioridade á realización da sesión plenaria.

Ante esta situación, emítase protesta por parte do concelleiro do BNG, don Álvaro Xesús García Freire pola falta de remisión e acceso á información que se debe remitir . O señor Alcalde aclara que esas actas serán remitidas unha vez sexan aprobadas, como se fixo sempre, pero antes da súa aprobación non procede ningunha remisión.

4.- Aprobación da encomenda de xestión ó concello de Curtis para a tramitación do expediente do servizo de recollida e transportede lixo e aprobación do convenio de colaboración para a xestión compartida do servizo.

EXPEDIENTE: 2021/X999/000036



A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) no seu artigo 25 establece que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade vecinal nos termos previstos neste artigo.

No apartado segundo indícase, *parques y jardines públicos, gestión de los residuos sólidos urbanos y protección contra la contaminación acústica, lumínica y atmosférica* que o Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

Na mesma norma, no artigo 26 se indica que:

“1. Los Municipios deberán prestar, en todo caso, los servicios siguientes:

a) En todos los Municipios: alumbrado público, cementerio, recogida de residuos, limpieza viaria, abastecimiento domiciliario de agua potable, alcantarillado, acceso a los núcleos de población y pavimentación de las vías públicas.

b) En los Municipios con población superior a 5.000 habitantes, además: parque público, biblioteca pública y tratamiento de residuos.”

O artigo 9 da Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, regula as competencias das entidades locais nesta materia:

“Artigo 9. Competencias das entidades locais

1. As entidades locais son competentes para a xestión dos residuos nos termos sinalados na normativa básica estatal e nesta lei.

2. En particular, corresponde aos concellos:

a) Como servizo obrigatorio, a recollida, o transporte e o tratamento dos residuos domésticos xerados nos fogares, comercios e servizos na forma en que establezan as súas respectivas ordenanzas, no marco xurídico do establecido na normativa básica estatal en materia de residuos, nesta lei, na normativa sectorial en materia de responsabilidade ampliada do produtor e no Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia. A prestación deste servizo poderase levar a cabo de forma independente ou asociada.

b) O establecemento das medidas adecuadas para evitar o abandono ou vertedura de residuos domésticos. c) O exercicio da potestade de vixilancia e inspección e da potestade sancionadora no ámbito das súas competencias.

3. As entidades locais poderán:

a) Elaborar programas de xestión dos residuos da súa competencia, de acordo co establecido nesta lei e de conformidade e en coordinación co plan nacional marco e cos plans de xestión de residuos que aprobe a Administración autonómica.

b) Elaborar programas de prevención dos residuos da súa competencia de acordo co establecido nesta lei e nos programas de prevención de residuos aprobados pola Administración autonómica.



c) Xestionar os residuos comerciais non perigosos e os residuos domésticos xerados nas industrias nos termos que establezan as súas respectivas ordenanzas, sen prexuízo de que os suxeitos produtores destes residuos poidan xestionalos por si mesmos. Cando a entidade local estableza o seu propio sistema de xestión poderá impor, de maneira motivada e baseándose en criterios de maior eficiencia e eficacia na xestión dos residuos, a incorporación obrigatoria dos suxeitos produtores de residuos ao devandito sistema en determinados supostos. d) A través das súas ordenanzas, obrigar o suxeito produtor ou outro suxeito posuidor de residuos perigosos domésticos ou de residuos cuxas características dificulten a súa xestión a que adopten medidas para eliminar ou reducir as devanditas características, ou a que os depositen na forma e lugar adecuados.

e) Implantar sistemas de recollida separada de novas fraccións de residuos domésticos, de conformidade coa planificación establecida por parte da Administración autonómica.

f) Realizar as súas actividades de xestión de residuos directamente ou mediante calquera outra forma de xestión prevista na lexislación sobre réxime local. Estas actividades poderán ser levadas a cabo por cada entidade local de forma independente ou mediante asociación de varias entidades locais.

g) Declarar como servizo público de titularidade municipal todas ou algunhas das operacións de xestión de determinados tipos de residuos, no seu ámbito competencial, cando estea motivadamente xustificado por razóns de adecuada protección da saúde humana e do ambiente.

h) A declaración de servizo público non exclúe a iniciativa privada. A prestación de servizo público baixo un réxime de monopolio require, en calquera dos casos, una previsión legal expresa.”

A mesma norma indica no artigo 9.3 f) que as entidades locais poderán realizar as súas actividades de xestión de residuos directamente ou mediante calquera outra forma de xestión prevista na lexislación sobre réxime local. Estas actividades poderán ser levadas a cabo por cada entidade local de forma independente ou mediante asociación de varias entidades locais.

De conformidade cos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, as relacións de colaboración e cooperación entre as administracións locais de Galicia poderán realizarse mediante a subscripción de convenios.

O artigo 47.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP), recolle a figura dos Convenios interadministrativos, que poden asinarse entre dúas ou mais administracións públicas, e que poderán incluír a utilización de medios, servizos e recursos doutra administración pública para o exercicio de competencias propias ou delegadas

Como precedentes de colaboración na tramitación conxunta de expedientes nesta materia, atópase o Convenio de colaboración asinado entre estas tres entidades locais con data de 20 de maio de 2013, que dacordo coa súa cláusula décima non podía estender a súa vixencia mais alá do prazo de execución do contrato de recollida de lixo, que remata o 31/03/2021.



Vista a data de finalización da vixencia do anterior Convenio interadministrativo, e resultando imprescindible a tramitación de nova licitación do contrato de servizos, enténdese convinte, necesario e oportuno formalizar convenio de encomenda de xestión da contratación conxunta do servizo de recollida e transporte de residuos, a fin de xestionar de maneira eficiente os medios persoais de carácter técnico, por unha banda, e a fin de poder obter un mellor prezo na licitación.

Visto o informe emitido pola Secretaria-Interventora de data 09/04/2021

Esta alcaldía, propón ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Encomendar ao Concello de Curtis o exercicio da competencia delegada nos termos do convenio mediante a tramitación do expediente de contratación de forma conxunta do servizo de recollida e transporte de residuos, con plena suxección á normativa aplicable, así como a tramitación de solicitudes de subvencións e outros expedientes relacionados co obxecto do contrato.

SEGUNDO.- Aprobar o convenio de colaboración para a xestión compartida do servizo de recollida e transporte de residuos dos Concellos de Curtis , Sobrado e Vilasantar :

“ CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A XESTION COMPARTIDA DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS DOS CONCELLOS DE CURTIS, SOBRADO E VILASANTAR.

No Concello de Curtis , ____ de _____ de 202_.

REUNIDOS,

Os Sr Alcaldes dos seguintes Concellos:

- Concello DE CURTIS : D. Javier Fco. Caínzos Vázquez
- Concello DE SOBRADO : Luis Lisardo Santos Ares.
- Concello de VILASANTAR: Fenando Javier Pérez Fernández

Todos en nome e representación do seu referido Concello, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración Local de Galicia (LALGA).

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración, logo dos acordos adoptados polos respectivos Plenos, e para o efecto

EXPOÑEN:

PRIMEIRO .- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) no seu artigo 25 establece que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e



prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade vecinal nos termos previstos neste artigo.

No apartado segundo indícase que o Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

"(...) b) Medio ambiente urbano: en particular, parques y jardines públicos, gestión de los residuos sólidos urbanos y protección contra la contaminación acústica, lumínica y atmosférica en las zonas urbanas.

j) Protección de la salubridad pública"

Na mesma norma, no artigo 26 se indica que:

"1. Los Municipios deberán prestar, en todo caso, los servicios siguientes:

a) En todos los Municipios: alumbrado público, cementerio, recogida de residuos, limpieza viaria, abastecimiento domiciliario de agua potable, alcantarillado, acceso a los núcleos de población y pavimentación de las vías públicas.

b) En los Municipios con población superior a 5.000 habitantes, además: parque público, biblioteca pública y tratamiento de residuos."

O artigo 9 da Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, regula as competencias das entidades locais nesta materia:

"Artigo 9. Competencias das entidades locais

1. As entidades locais son competentes para a xestión dos residuos nos termos sinalados na normativa básica estatal e nesta lei.

2. En particular, corresponde aos concellos:

a) Como servizo obrigatorio, a recollida, o transporte e o tratamento dos residuos domésticos xerados nos fogares, comercios e servizos na forma en que establezan as súas respectivas ordenanzas, no marco xurídico do establecido na normativa básica estatal en materia de residuos, nesta lei, na normativa sectorial en materia de responsabilidade ampliada do produtor e no Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia. A prestación deste servizo poderase levar a cabo de forma independente ou asociada.

b) O establecemento das medidas adecuadas para evitar o abandono ou vertedura de residuos domésticos. c) O exercicio da potestade de vixilancia e inspección e da potestade sancionadora no ámbito das súas competencias.

3. As entidades locais poderán:

a) Elaborar programas de xestión dos residuos da súa competencia, de acordo co establecido nesta lei e de conformidade e en coordinación co plan nacional marco e cos plans de xestión de residuos que aprobe a Administración autonómica.

b) Elaborar programas de prevención dos residuos da súa competencia de acordo co establecido nesta lei e nos programas de prevención de residuos aprobados pola Administración autonómica.



c) Xestionar os residuos comerciais non perigosos e os residuos domésticos xerados nas industrias nos termos que establezan as súas respectivas ordenanzas, sen prexuízo de que os suxeitos produtores destes residuos poidan xestionalos por si mesmos. Cando a entidade local estableza o seu propio sistema de xestión poderá impor, de maneira motivada e baseándose en criterios de maior eficiencia e eficacia na xestión dos residuos, a incorporación obrigatoria dos suxeitos produtores de residuos ao devandito sistema en determinados supostos. d) A través das súas ordenanzas, obrigar o suxeito produtor ou outro suxeito posuidor de residuos perigosos domésticos ou de residuos cuxas características dificulten a súa xestión a que adopten medidas para eliminar ou reducir as devanditas características, ou a que os depositen na forma e lugar adecuados.

e) Implantar sistemas de recollida separada de novas fraccións de residuos domésticos, de conformidade coa planificación establecida por parte da Administración autonómica.

f) Realizar as súas actividades de xestión de residuos directamente ou mediante calquera outra forma de xestión prevista na lexislación sobre réxime local. Estas actividades poderán ser levadas a cabo por cada entidade local de forma independente ou mediante asociación de varias entidades locais.

g) Declarar como servizo público de titularidade municipal todas ou algunhas das operacións de xestión de determinados tipos de residuos, no seu ámbito competencial, cando estea motivadamente xustificado por razóns de adecuada protección da saúde humana e do ambiente.

h) A declaración de servizo público non exclúe a iniciativa privada. A prestación de servizo público baixo un réxime de monopolio require, en calquera dos casos, una previsión legal expresa.”

A mesma norma indica no artigo 9.3 f) que as entidades locais poderán realizar as súas actividades de xestión de residuos directamente ou mediante calquera outra forma de xestión prevista na lexislación sobre réxime local. Estas actividades poderán ser levadas a cabo por cada entidade local de forma independente ou mediante asociación de varias entidades locais.

No artigo 11 refírese á coordinación, colaboración e cooperación interadministrativas nos seguintes términos:

“Artigo 11. Coordinación, colaboración e cooperación interadministrativas

1. Coa finalidade de realizar as accións necesarias para a consecución dos obxectivos establecidos nesta lei e na planificación en materia de residuos, será promovida a coordinación entre as administracións autonómica e local, así como a colaboración e cooperación coa estatal, no que se refire ao seu réxime de competencias.

2. A fin de asegurar a coherencia da actuación das administracións públicas de Galicia, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia utilizará os procedementos previstos na normativa de réxime local. Coa mesma finalidade, e de conformidade co disposto na normativa básica estatal en materia de réxime local e nos artigos 205 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, o Consello da Xunta terá a facultade de coordinar a actuación das entidades locais e, en especial, das deputacións provinciais, cando as actividades ou os servizos



locais necesarios para a consecución dos obxectivos previstos nesta lei transcendan o interese propio das correspondentes entidades locais, incidan ou condicionen de forma relevante os da Administración autonómica ou sexan concorrentes ou complementarios dos desta.

3. A potestade de coordinación a que se refire o número anterior exercerase a través dos programas de prevención e xestión de residuos aprobados pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, que fixarán os obxectivos e prioridades da acción pública en materia de residuos e a vinculación das entidades locais ao seu contido, nos termos previstos na lexislación básica e nesta lei.”

E fixa como fins os recollidos no artigo 2: “*Esta lei ten como fins fomentar:*

a) A progresiva transformación da sociedade galega nunha sociedade cuxo sistema produtivo estea baseado na economía circular, potenciando a utilización do residuo como recurso e o seu valor económico, e favorecendo a creación de emprego verde, entendido como aquel que reduce o impacto ambiental das empresas e sectores económicos ata alcanzar niveis sustentables.

b) A loita contra o cambio climático, a través, principalmente, da aplicación do principio de coherencia da política de residuos coa estratexia contra o cambio climático e de supeditación daquela a esta.

c) A estabilización e redución da produción de residuos en canto ao seu peso, volume, diversidade e perigosidade, co fin de dissociar a produción de residuos do crecemento económico.”

SEGUNDO.- A Constitución recolle no artigo 103 que a administración debe actuar de acordo cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, a intención do lexislador estatal e autonómico non é outra que o fomento da prestación conxunta de servizos en termos de sostenibilidade económica, neste senso a Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público indica que as Administracións Públicas facilitarán preferentemente a prestación conxunta de servizos aos interesados.

TERCEIRO.- De conformidade cos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, as relacións de colaboración e cooperación entre as administracións locais de Galicia poderán realizarse mediante a subscrición de convenios.

O artigo 47.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP), recolle a figura dos Convenios interadministrativos, que poden asinarse entre dúas ou mais administracións públicas, e que poderán incluír a utilización de medios, servizos e recursos doutra administración pública para o exercicio de competencias propias ou delegadas.

CUARTO.- Como precedentes de colaboración na tramitación conxunta de expedientes nesta materia, atópase o Convenio de colaboración asinado entre estas tres entidades locais con data de 20 de maio de 2013, que de cordo coa súa cláusula



décima non podía estender a súa vixencia mais alá do prazo de execución do contrato de recollida de lixo, que remata o 31/03/2021.

Vista a data de finalización da vixencia do anterior Convenio interadministrativo, e resultando imprescindible a tramitación de nova licitación do contrato de servizos, enténdese convinte, necesario e oportuno formalizar convenio de encomenda de xestión da contratación conxunta do servizo de recollida e transporte de residuos, a fin de xestionar de maneira eficiente os medios persoais de carácter técnico, por unha banda, e a fin de poder obter un mellor prezo na licitación .

Ademais, neste convenio regúlase o réxime aplicable á esta xestión compartida na que:

- Cada concello mantén a competencia e seguirá tendo a titularidade do servizo público, que deberá prestarse baixo o control de cada un deles, coa peculiaridade de que ese control se realizara a través de órgano intermedio: a Comisión Mixta de Seguimento, onde están representadas as tres entidades locais, con independencia de que a corrección de incidencias puntuais en cada municipio será comunicado directamente por éste ao adxudicatario.
- Polo que respecta á xestión do servizo de recollida e transporte de RSU dos concellos , procederase á licitación conxunta do contrato administrativo de servizos.

QUINTO.- Faise preciso a aprobación dun convenio de colaboración que, nos termos indicados, regule a citada encomenda de xestión, de conformidade co indicado no artigo 11 da Lei 40/2015, do Sector Público, así como o réxime de xestión compartida de servizos.

Aténdese ao indicado no artigo 48 da Lei 40/2015, segundo o cal a suscripción de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuir á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira .

SEXTO. - Por todo o anterior , e á vista do acordo adoptado polo Pleno do Concello de Curtis de data _____ , polo Pleno do Concello de Sobrado de data _____ e polo Pleno do Concello de Vilasantar de data _____, os Concellos asinantes FORMALIZAN convenio de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Natureza e obxecto

O presente convenio ten natureza administrativa, non sendo de aplicación a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector público, á vista do disposto no seu artigo 6. Danse as condicións ditadas ao efecto polo parágrafo 1º do citado artigo na medida en que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado, o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos



que teñen en común, e que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

Se entende que o Convenio supón a formalización do acordo de encomenda de xestión efectuada ao abeiro do artigo 11 da Lei 40/2015, do Sector Público.

O obxecto do presente convenio é a fixación das principais liñas de colaboración, así como a coordinación, dirección, xestión, financiamento, organización e funcionamento do servizo de recollida domiciliaria de lixo e de recollida selectiva a prestar de forma compartida entre os concellos de Curtis, Sobrado e Vilasantar, en réxime de xestión compartida, así como a delegación por parte do Concello de Sobrado e Vilasantar no Concello de Curtis da contratación conxunta do servizo de recollida e transporte de residuos de Curtis, Sobrado e Vilasantar.

A xestión compartida dos servizos referidos regúlase a través do presente convenio, mantendo relación directa e vinculante coa relación contractual que se derive do expediente de licitación que se tramite.

A encomenda alcanza todos os actos administrativos de tramitación do expediente de contratación, dende a fase de preparación ata a adxudicación definitiva, manténdose a titularidade municipal do servizo, así como a tramitación de solicitudes de subvencións e outros expedientes relacionados co obxecto do contrato, logo da conformidade por parte da Comisión de Seguemento.

O control da correcta execución do contrato forma parte da xestión conxunta do servizo formalizado neste convenio, ostentando as competencias como órgano de contratación o Concello de Curtis.

Dentro da xestión compartida, o contrato formalizarase entre a empresa adxudicataria e o Concello de Curtis, quen asume os aspectos materiais, técnicos e de servizo.

Segunda.- Ámbito Territorial

Se recolle a encomenda de xestión para a tramitación do expediente de licitación do servizo de recollida e transporte de residuos prestado nos termos municipais de CURTIS, SOBRADO E VILASANTAR .

Terceira .- Obxectivos da colaboración

O presente convenio baséase no principio xeral de colaboración interadministrativa, para a efectividade da coordinación e eficacia administrativa, que se concreta en:

- Posibilitar a prestación do servizo público en termos de economicidade e sustentabilidade financeira
- Prestar de forma eficaz e eficiente o servizo público
- Minorar os custos antieconómicos da prestación illada
- Garantir o acceso dos veciños a uns servizos públicos de calidade mediante unha oferta de recursos suficiente e equilibrada
- Dar resposta ás necesidades da poboación mediante unha axeitada planificación previa



- Valorizar os recursos dispoñibles
- Garantir a consecución do fin común de optimización dos bens de dominio público

Cuarta .- Compromisos das partes.

A) CONCELLOS DE SOBRADO E VILASANTAR

Os concellos de Sobrado e Vilasantar comprométense a:

1. Facilitar ao Concello de Curtis tanta documentación e información sexa precisa en calquera das fases do procedemento de licitación para unha correcta tramitación do mesmo
2. Asumir os termos fixados na licitación e nos correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricions técnicas do contrato de servizos que se licite, e ao cumprimento estrito de todas e cada unha das obrigas que do mesmo se deriven.
3. Respetar o contrato coa empresa que resulte adxudicataria no prazo que se establezan nos pregos.
4. Os concellos de Sobrado e Vilasantar colaborarán na formación da Mesa de Contratación mediante a designación de persoal funcionario.
5. Os Concello de Sobrado e Vilasantar deberán facilitar ao concello de Curtis tanta documentación sexa precisa nos distintos procedementos de obtención de financiamento externo do servizo a través das convocatorias de subvencións ou axudas de entidades ou administracións públicas, así como para a súa xustificación.
6. A participación no financiamento do servizo polos Concellos de Sobrado e Vilasantar efectuaráse mediante liquidacións de carácter mensual conforme o indicado no presente Convenio, sen por eso perder competencias na xestión do servizo no eido do presente Convenio.

Os concellos comprométense a garantir un financiamento suficiente e estable para unha eficaz e eficiente prestación do servizo asociado, debendo ter capacidade para financiar as obrigas asumidas durante a vixencia do convenio, debendo incluír nos seus orzamentos anuais o crédito para facer fronte ás súas obrigas económicas.

7. Cada concello será responsable da exacción das taxas que se xeren pola prestación do servizo non seu termo municipal.

8. A concorrencia ás xuntanzas da Comisión Mixta de Seguimento.

B) CONCELLO DE CURTIS.

O Concello de Curtis comprométese a :

1. Exercer a competencia delegada nos termos deste convenio mediante a tramitación do expediente de contratación de forma conxunta, con plena suxección á normativa



aplicable, así como a tramitación de solicitudes de subvencións e outros expedientes relacionados co obxecto do contrato, logo da conformidade por parte da Comisión de Seguemento.

2. A facilitar, durante a tramitación do expediente, tanta información sexa requerida polos Concellos de Sobrado e Vilasantar sobre o estado de tramitación do mesmo e calquera outra derivada do expediente.

3. Exercer as funcións legalmente establecidas para o órgano de contratación do futuro contrato administrativo de servizo de recollida e transporte de residuos

4. Asumir os termos fixados na licitación e nos correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricions técnicas, e ao cumprimento estrito de todas e cada unha das obrigas que do mesmo se deriven.

5. Respetar o contrato coa empresa que resulte adxudicataria no prazo que se establezan nos pregos.

6. A concorrencia ás xuntanzas da Comisión Mixta de Seguemento.

Quinto.- Comisión mixta de seguemento

Para facilitar o seguemento, cumprimento e a coordinación do convenio, constituírse unha Comisión Mixta integrada polos respectivos alcaldes, á que poderán asistir técnicos dos mesmos.

A Comisión mixta ditará ás súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir coa regularidade que acorden as partes.

Ás súas principais funcións serán:

- O seguemento da xestión do servizo.
- Proponer suxerencias aos pregos técnicos e administrativos que rixan a licitación, en orde ás condicións de prestación do servizo.
- A elaboración das súas normas internas de xestión.
- A interpretación do convenio.
- A proposta, no seu caso, de addendas.
- Intervención previa á resolución por incumprimento.
- Resolver cantas dúbidas se lle presenten polos membros integrantes.
- Calquera outras relacionadas coa xestión do servizo.

A este órgano resultaralle de aplicación o réxime regulado nos artigos 15 e seguintes da Lei 40/2015.

Sexta.- Financiamento.



1. A porcentaxe do gasto a asumir por cada administración, do prezo de adxudicación do contrato do servizo, será a resultante da aplicación de tres variables:

- a porcentaxe que representa a poboación de cada un dos municipios sobre a totalidade da poboación do ámbito territorial onde se vai prestar o servizo.
- a porcentaxe que representa a superficie de cada un dos termos municipais sobre o total do ámbito territorial onde se vai prestar o servizo.
- a porcentaxe que supón o padrón de usuarios do servizo en cada un dos concellos sobre o total dos mesmos.

Dita porcentaxe revisarase anualmente, e a súa aplicación extenderase ao ano natural. Para a súa concreción, na primeira quincena do mes xaneiro emitiranse cos datos anteriores, os oportunos certificados por cada unha das Secretarías dos Concellos.

2. O Concello de Curtis mensualmente, e en base a esas porcentaxes, realizaralle aos outros concellos unha liquidación mensual, que deberán abonar no prazo máximo de quince días naturais a contar dende a recepción da notificación da liquidación.

No caso de existir discrepancia ou rechazo con respecto dalgún dos documentos acreditativos do gasto que xustifiquen a liquidación referida, deberá ser comunicada fehacemente á Alcaldía de Curtis no prazo de cinco días naturais dende a súa recepción.

As discrepancias resolveráanse pola Alcaldía de Curtis por procedemento contradictorio ao que se incorporará informes, no seu caso, da empresa adxudicataria ou da Comisión Mixta de Seguimento, e da Secretaria- Interventora da Corporación sobre a aplicación dos termos do presente Convenio.

3. Liquidacións dos costes de canon unitario de tratamento.

Polo que respecta ao reparto do coste do canon unitario de tratamento por tonelada de residuos domésticos de SOGAMA, realizarase en función de dúas pesadas que se farán anualmente. Do resultado de ditas pesadas, e polo tanto das porcentaxes resultantes, darase conta na Comisión de Seguimento.

As citadas porcentaxes serán comunicadas á entidade xestora para a atribución da pesada nas facturas mensuais independentes a remitir a cada Concello.

4. Reparto de outros costes.

Calqueira outro coste que se derive da xestión dos servizos referidos nos termos do presente convenio serán asumidos por cada concello en base ás porcentaxes calculadas no punto 1 desta cláusula.

Sétima.- Réxime de modificación .-

A modificación do presente Convenio requirirá a aprobación por acordo Plenario de todos os Concellos.

Oitava.- Causas de resolución.-



O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento grave e reiterado total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan. A estes efectos serán considerados incumprimentos graves os calificados como tales pola Comisión de Seguemento.
- b) Polo vencemento do prazo de vixencia

Novena .- Prazo de vixencia.-

O presente convenio entrará en vigor ao día da súa sinatura e estendera a súa vixencia por catro anos, prorrogable outros catro anos adicionais, de conformidade co indicado no artigo 49 da Lei 40/2015.

En ningún caso poderá estender a súa vixencia máis ala do prazo de execución do contrato do servizo de recollida que se licite.

Décima .- Xurisdición competente

Os conflitos que se susciten en desenvolvemento do presente convenio serán coñecidos, en primeira instancia, polo Concellos implicados , e no caso de non chegar a un acordo, ás partes someterán ás cuestións litixiosas ao coñecemento dous tribunais do orde xurisdiccional contencioso -administrativo.

En proba de conformidade co expresado neste convenio, asíñase polas partes comparecentes, por triplicado exemplar e para un só efecto, non lugar e data que se sinalan non encabezamento.”

TERCEIRO:Facultar ao sr. alcalde para a sinatura do convenio.

CUARTO: Remitir certificación do presente acordo ao Concello de Curtis .

Tras o resumo da proposta por parte do señor Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández, o concelleiro do BNG, don Álvaro Xesús García Freire emite as seguintes preguntas ou aportacións coas conseguíntes respostas por parte da Alcaldía:

- Cales son as conclusións do estudo ambiental sobre o lixo que se fixo no noso concello?

O Alcalde responde que esas conclusións se reflectirán na futura licitación, por exemplo o aumento de contenedores amarelos.

- Non se ten feito un estudo do que representou o anterior contrato da recollida de lixo?

O Alcalde responde que si e a petición do concelleiro do BNG acorda remitirille dito informe.

- No financiamento non se fala nada das recollidas e dos días de recollida. Non cremos que sexan os mesmos días nos núcleos de Curtis e Teixeira que no noso concello.

O Alcalde di que este particular será levado á comisión de seguimento.



- Non se analiza o porcentaxe de residuos de tipo comercial e industrial de cada concello. Curtis ten un polígono industrial e moito comercio.

O Alcalde di que este particular será levado á comisión de seguimento.

- Non se ten en conta o que srepresenta a cadea de Teixeira no total do volume de recollida.

O Alcalde di que este particular será levado á comisión de seguimento.

Procédese á votación da proposta con 6 votos a favor (concelleiros do PP), 2 abstencións (concelliros do BNG presentes no Pleno) e ningún voto en contra.

5.- Adhesión á iniciativa europea do Pacto das Alcaldías para o clima e a enerxía.

EXPEDIENTE: 2021/X999/000036

A Comisión Europea puxo en marcha en 2008 o Pacto das Alcaldías (Covenant of Mayors), unha iniciativa aberta a todas as cidades e municipios en Europa co obxectivo de involucrar ás autoridades locais e aos cidadáns no desenvolvemento e a aplicación da política enerxética da Unión Europea. O Pacto consiste no compromiso das cidades asinantes de ir máis alá dos obxectivos adoptados para o ano 2020 pola UE para reducir as emisións de CO2 a través de medidas de eficiencia enerxética, de accións relacionadas coa promoción das enerxías renovables e da mobilidade urbana sostible. A adhesión a esta iniciativa, supoñía acollerse ao denominado obxectivo 20/20/20, cuxa meta era aumentar a eficiencia enerxética un 20%, aumentar o uso de enerxía procedente de fontes renovables outro 20% e reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) un 20% para o ano 2020.

A partir do éxito do Pacto das Alcaldías, en 2014 lanzouse a iniciativa Mayors' Adapt, baseada no mesmo modelo de xestión pública, mediante a que se invitaba ás cidades a asumir compromisos políticos e tomar medidas para anticiparse aos efectos inevitables do cambio climático.

O 15 de outubro de 2015, a Comisión Europea lanzou o Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía (Covenant of Mayors for Climate & Energy), fusionando as iniciativas anteriores. Esta nova ferramenta pretende reunir aos alcaldes das cidades europeas nunha rede permanente de intercambio de información para a aplicación de boas prácticas: mellorar a eficiencia enerxética no ámbito urbano, conseguir unha redución das emisións de CO2 no ámbito territorial local e aumentar a resiliencia fronte ao cambio climático.

Para alcanzar estes obxectivos, os municipios adheridos ao Pacto comprométense a redactar un Plan de Acción para a Enerxía Sostible e o Clima (PACES), nun prazo máximo de dous anos dende a data de adhesión. O PACES inclúe:

- 1) un inventario de referencia de emisións (IRE) para facer o seguimento da súa efectividade das accións de mitigación;
- 2) unha avaliación de riscos e vulnerabilidades ante o cambio climático;

Ademais, cada dous anos deberase presentar un informe de seguimento do PACES.



O Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía consiste no compromiso dos concellos signatarios de facer propios os obxectivos da Unión Europea para o ano 2030 e reducir as emisións de CO2 no seu territorio en, polo menos, o 40% a través de medidas de eficiencia enerxética e dun maior uso de fontes de enerxía renovable, traballando á súa vez na implantación de medidas de adaptación ao cambio climático e aumento da resiliencia fronte a este, así como un aumento da cooperación coas autoridades locais e rexionais similares na UE e fóra dela para mellorar o acceso á enerxía segura, sostible e alcanzable.

Sectores como os municipais, residenciais e terciarios e o transporte considéranse sectores clave para a mitigación. As autoridades locais deberán concentrar os seus esforzos en reducir a demanda de enerxía nos seus territorios e adaptar a demanda enerxética á oferta promovendo a utilización de recursos enerxéticos locais.

A Xunta de Galicia, consciente de que o Pacto das Alcaldías polo Clima e a Enerxía e o mellor instrumento para implicar aos concellos de Galicia na loita contra o cambio climático, decidiu participar nesta iniciativa como coordinador do pacto na Comunidade Autónoma de Galicia, co obxectivo de promover e apoiar aos concellos de Galicia na súa adhesión ao pacto e conseguir que no ano 2020 haxa, a lo menos, 100 concellos galegos adheridos ao Pacto, e estean todos os concellos de mais de 20.000 habitantes.

Coñecedor da importancia das accións locais na mitigación do cambio climático como Alcalde do Concello de VILASANTAR recoñezo que o noso compromiso esixe:

1. Un liderado político forte:

- Definir obxectos ambiciosos a longo prazo, máis alá dos mandatos políticos.
- Unha interacción coordinada entre a mitigación e a adaptación a través da mobilización de todas as áreas municipais implicadas;

2. Un enfoque territorial integral e intersectorial.

3. A asignación dos recursos humanos, técnicos e financeiros axeitados:

- O compromiso de todas as partes implicadas nos nosos territorios.
- O empoderamento dos cidadáns como consumidores proactivos “prosumers” e participantes nun sistema enerxético responsable e sensible á demanda.

4. Accións inmediatas, medidas flexibles e efectivas para agora e para o futuro, “non regresivas”.

5. A implantación de solucións intelixentes para facer fronte aos retos sociais e técnicos da transición enerxética.

6. Revisar periodicamente ns nosas accións conforme aos controis e as avaliacións dos resultados.

Por todo iso, este Concello quere sumarse ao PACTO DAS ALCALDÍAS PARA O CLIMA E A ENERXÍA e apoiar esta iniciativa, necesaria para conseguir a sustentabilidade enerxética e a adaptación ao cambio climático do noso Concello. E para que conste, esta Corporación, comprométo-me a:



1. Reducir as emisións de CO2 no noso territorio en ao menos un 40 por cento ata 2030 mediante o aumento da eficiencia enerxética e un maior uso de fontes de enerxía renovables.
2. Traballar na promoción de medidas para a adaptación ao cambio climático mediante a creación de plans de acción en favor da enerxía sustentable e o aumento da resiliencia fronte ao cambio climático.
3. Elaborar un Inventario de Emisións de Referencia e unha avaliación de riscos e vulnerabilidades derivados do Cambio Climático, como base para o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACES) no que se resuman as accións clave que planean levar a cabo.
4. Presentar o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable no prazo de 2 anos a partir da sinatura oficial do Pacto das Alcaldías para a supervisión e verificación do proceso.
5. Desenvolvido o Plan de Acción, elaborar un informe bianual para a avaliación, control e verificación dos obxectivos, informando dos fitos acadados en cumprimento do Plan.
6. Compartir a nosa visión, resultados, experiencia e coñecemento con outras autoridades locais e rexionais da Unión Europea.
7. Adaptar as estruturas do Concello incluíndo a asignación de suficientes recursos humanos para o desenvolvemento das accións necesarias.
8. Mobilizar á sociedade civil no noso ámbito para que participe no desenvolvemento do Plan de Acción.
9. Comunicar os presentes acordos á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para facer posible as tarefas de apoio e coordinación.

O Concello de VILASANTAR, reunido en sesión ordinaria o día DOCE de ABRIL de 2021, aproba a adopción dos seguintes acordos:

- A adhesión do Concello de VILASANTAR ao Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía, promovido pola Unión Europea.
- Facultar ao Alcalde de VILASANTAR a representar ao Concello na sinatura do Pacto das Alcaldías e en calquera outras actuacións que requira a súa execución.

Procédese á votación da proposta con 8 votos a favor, 0 abstencións e ningún voto en contra.

6.- Aprobación inicial do orzamento xeral municipal para o exercicio 2021.

EXPTE. TEDEC: 2021/T004/000001 (Orzamento).



Visto o réxime xurídico previsto nos artigos 162 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, mediante o que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, refrente á conta xeral das entidades locais.

Visto que a documentación obrante no expediente administrativo de referencia se corresponde cos requisitos establecidos no artigo 164 do referido RDLex 2/2004.

Visto o Orzamento Xeral deste Concello correspondente ao exercicio económico 2021, así como, as súas Bases de Execución, a proposta de Investimentos e a relación de Persoal comprensivo de todos os postos de traballo, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, e o artigo 18 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988.

Visto que constan os informes do Interventor municipal e o Informe de Intervención de Avaliación do Cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria e da Débeda, do que se desprende que a situación é de superávit e máis o cumprimento do déficit. Non se analiza a regra do gasto, por non pedilo así a normativa vixente, se ben o interventor fai constar que a mesma será esixida con motivo da liquidación do presente orzamento.

En virtude do disposto no artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e nos artigos 162 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, mediante o que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Pleno acorda o seguinte:

Primeiro: Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Vilasantar, para o exercicio económico 2021 xunto coas súas Bases de Execución, e por un importe total de 2.140.881,03 euros no orzamento de ingresos e 2.140.881,03 euros no orzamento de gastos.

Segundo. Aprobar definitivamente a plantilla de persoal, comprensiva de todos os postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral.

Terceiro. Insertar no Boletín Oficial da Provincia o orzamento resumido por capítulos así como a plantilla de persoal.

Cuarto. Remitir copia á Administración do Estado e da Xunta de Galicia

Quinto. Se de traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación así como a aqueles terceiros interesados que obren no expediente.

O señor Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández, procede a ler a proposta de acordo e a resumir o contido do orzamento xeral municipal do 2021.

O concelleiro do BNG, don Álvaro Xesús García Freire, solicita a suspensión deste punto na orde do día xa que non se elevou dita proposta á Comisión Especial de Contas. Ante este punto o Alcalde pide aclaración ó Secretario – Interventor o cal



manifesta a súa recomendación de que se elevase a propsta a dita comisión en base a unha interpretación do artigo 127 do ROF.

O Alcalde mantén o punto na orde do día e procédese ó seu debate.

O concelleiro do BNG, don Álvaro Xesús García Freire detecta un erro na asignación por asistencia a plenos e outros órganos colexiados municipais. Aclárase que a cantidade correcta por persoa e sesión é de 70,00€.

A continuación, o mesmo concelleiro solicita aclaración dos gastos de persoal en relación á previsión dos trienios. O Secretario – Interventor explica que ante a previsible aprobación e futura aplicación do novo convenio colectivo do personal laboral deste concello durante o segundo sementre deste ano 2021, prevese no capítulo I da clasificación económica un aumento dos créditos de gasto pero sen reflecti-lo aínda no anexo de persoal ó non estar aínda aprobado dito convenio.

Aclarase a figura das subvencións nominativas a Protección Civil (3.000,00€ na partida 135.48000), Clube de Fútbol Vilasantar (3.000,00€ na partida 341.48000), A.N.P.A. de Présaras (3.000,00€ na partida 334.480) e Asociación Axouxere (3.000,00€ na partida 334.48000).

Procédese á votación da proposta con 6 votos a favor (concelleiros do PP), 0 abstencións e 2 votos en contra (concelliros do BNG presentes no Pleno).

7.- Mocións.

Non se presentan mocións.

8.- Rogos e preguntas.

O concelleiro do BNG, don Álvaro Xesús García Freire, presenta a través da sede electrónica deste Concello unha serie de preguntas con n.º de rexistro de entrada 202100000076, de 11 de abril de 2021, as cales son lidas pentre o mesmo concelleiro e a súa compañeira de grupo, dona Marta García Sánchez e respostadas polo señor Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández.

8.1. Nos últimos dous plenos preguntamos cal é o motivo polo que o concello de Vilasantar non aparece entre os asinantes do convenio coa AMTEGA para mellorar a cobertura do móbil no noso concello e aínda temos pendente a resposta.

O Alcalde resposta que se deu orde de adhesión e que depende da AMTEGA a inclusión ou non del.

8.2. Está previsto aumentar a rede de internet por cable? En que datas?

O Alcalde resposta que si e desgrana as zonas de actuación.



3. Queremos coñecer a data da convocatoria das subvencións para entidades sen ánimo de lucro do concello do no 2018, a data de concesión, as entidades ás que se lles concedeu e data de pago das cantidades concedidas.

O Alcalde da cumprida conta da información.

8.4. No BOP do 17-12-2019 convocáronse as subvención para entidade sen ánimo de lucro do concello para ano 2019, queremos coñecer a data de concesión, as entidades ás que se lles concedeu e data de pago das cantidades concedidas.

O Alcalde da cumprida conta da información.

8.5. No BOP do 11-12-2020 convocáronse as subvención para entidades sen ánimo de lucro do concello para ano 2020, queremos coñecer a data de concesión, as entidades ás que se lles concedeu e data de pago das cantidades concedidas.

O Alcalde da cumprida conta da información.

8.6. O 17 de outubro de 1918 publicouse no BOP a convocatoria das bolsas para axuda ao transporte escolar do curso 2018-2019. Queremos saber a data da concesión das axudas e a data de pago das mesmas.

O Alcalde da cumprida conta da información.

8.7. Tamén queremos coñecer a data das convocatorias das bolsas para axuda ao transporte escolar do curso 2019-2020 e 2020-2021 así como as datas de resolución e datas de pago.

O Alcalde da cumprida conta da información.

8.8. No BOP do 19-08-2019 publicáronse as bases da convocatoria de axudas a natalidade do ano 2019. Queremos coñecer a data de concesión e as datas de pago destas axudas.

O Alcalde da cumprida conta da información.

8.9. No BOP do 10-12-2020 realizouse a convocatoria de axudas á natalidade do ano 2020. Queremos coñecer a data de concesión e as datas de pago destas axudas.

O Alcalde da cumprida conta da información.

8.10. Queremos saber en que consisten as obras “melloras dos camiños de acceso aos lugares da Fraga e a Xarela”?

O Alcalde resposta que se trata da obra do Plan de Camiños xa executada e faltaba por colgar a información do cartel na web municipal.



8.11. Que coñecemento ten o goberno local de cando se van realizar as pistas interiores das parcelarias de Barbeito e San Vicente?

O Alcalde resposta queas da zona de San Vicente estanse a executar e que posteriormente será a quenda de Barbeito.

8.12. As pistas principais das parcelarias de Barbeito e San Vicente teñen un deterioro importante que en algúns casos impide a circulación de coches, cando está previsto que a Consellaría de Medio Rural proceda ao seu amaño?

O Alcalde resposta que se solicitou o arranxo á consellería.

8.13. Temos moitas pistas municipais que están sen cunetas e que se foron deteriorando pola falta de amaños, por exemplo a pista de Tamou a Zanfoga, a pista do Vilar, a que vai de Brai a Xemerás,... Cando se lle vai realizar algún tipo de amaño? Cando se van realizar a limpeza das gabias?

O Alcalde resposta que se fará valoración técnica para a súa limpeza.

8.14. Onde están publicadas as normas para acceder ás actividades extraescolares que realiza o concello?

O Alcalde resposta que as normas figuran nun díptico informativo. Engade a importancia da vixencia do estado de alarma e da pandemia no referido a este particular.

8.15. Protección Civil estivo repartindo en algunhas casas trampas para abellas velutinas. Váiselle facer algún tipo de seguimento?

O Alcalde resposta que se manterá unha revisión constante.

8.16. Que parcelas son as que lle quedaban ao concello inicialmente e cales son as que lle quedan agora? Solicitamos que se nos entregue un plano das parcelas anteriores e actuais.

O Alcalde enumera as parcelas en Barbeito e San Vicente.

8.17. Na resolucións da alcaldía do día 1 de marzo aparecen unha serie de facturas:

a. Nº entrada F/2021/288 de Arturo Rodríguez González por importe de 1.932.10 € por unha memoria valorada de “sustitución de cubertas y reparación de fachadas exteriores” para que edificio se fai a memoria valorada e que obra se pretende realizar?

O Alcalde resposta que se trata dun proxecto de obra para solicitar unha subvención de arranxo da Escola do Seixo.

b. Nº entrada F/2021/130 figura unha factura de Arturo Rodríguez González por importe de 1.906.28 € por unha memoria valorada de “Acondicionamento interior



de la planta baja de casa escu” para que edificio se fai a memoria valorada e que obra se pretende realizar?

O Alcalde resposta que se trata dun proxecto de obra para solicitar unha subvención de arranxo da Escola do Seixo.

c. Nº de entrada F/2021/306 figura unha liquidación a Asociación Pro Huerfanos de la Guardia Civil polo pago documentación para tarxetas de armas. A que se refire dita documentación?.

O Alcalde resposta que se trata dunha factura pola adquisición de modelos de expedición de tarxetas de armas de fogueo, ó ser competencia municipal dita expedición.

8.18. A concelleira do PP e tenente de Alcalde, dona María del Carmen Torreiro Cotos formula unha pregunta referente a un mandamento xudicial que afecta a este Concello en relación a un contencioso cunha traballadora municipal.

O Alcalde resposta que se deu orde de pago e execución dese mandamento e que por problemas administrativos ou de persoal non se puido realizar antes.

Ás 14:40 horas non hai máis asuntos que tratar, polo que, por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu dou fe.

Vilasantar, á data que se recolle na marxe.

O secretario, Ricardo Garrido Caneda

Visto e prace, O alcalde, Fernando Javier Pérez Fernández